

ANUNCIO Pág. 841 Reg. 1454-PD / 1425. Parte 1 de 2

Anterior

Siguiente

Ordenanza reguladora del precio público de las escuelas de danza y música; Ordenanza reguladora de la tasa por la recogida de basura; Ordenanza reguladora de la tasa por la tramitación y expedición de documentos.

Aprobadas definitivamente a creación e modificación das ordenanzas reguladoras das exaccións locais que de seguido se detallan, posto que non se produciron reclamacións contra as mesmas, publicáñanse integralmente, dando cumprimento ó establecido no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

## **2.-ORDENANZAS MODIFICADAS.**

### **2.2.-ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA TRAMITACIÓN E EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.**

#### **FUNDAMENTO E NATUREZA**

**Art. 1.º** .-En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co dispuesto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1986, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola expedición, tramitación e expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, do cal as normas atenden ó prevido no artigo 58 da nomeada Lei 38/1988.

#### **Feito imponible**

**Art. 2.º .1.**-Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, dos documentos que expida e de

expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais con epígrafe na tarifa.

2.-Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, áinda que non mediase solicitude expresa do interesado.

3.-Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole, e os relativos á prestación de servicios ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello.

### **Suxeito pasivo**

**Art. 3.<sup>º</sup>** .-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen do mesmo o interese que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

### **Responsables**

**Art. 4.<sup>º</sup> .1.**-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **Exencións subxectivas**

**Art. 5.<sup>º</sup>** .-Gozarán de exención aqueles contribuíntes nos que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1.<sup>a</sup>.-Que fosen declarados pobres por precepto legal.

2.<sup>a</sup>.-Estaren inscritas no padrón da beneficencia como pobres de solemnidade.

3.<sup>a</sup>.-Teren obtido o beneficio xudicial de pobreza, respecto dos expedientes que deben producir efecto, precisamente, no procedemento xudicial no que fosen declarados pobres.

### **Cota tributaria**

**Art. 6.<sup>º</sup> .1.-**A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

2.-A cota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

3.-As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por cento cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen a retribución.

**Art. 7.<sup>º</sup> .-**Non se concederá bonificación ningunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

**Art. 8.<sup>º</sup> .1.-**Retribúese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2.-Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2.<sup>º</sup>, a retribución prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio e cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

### **Declaración e ingreso**

**Art. 9.<sup>º</sup> .1.-**A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, mediante pagamento en efectivo nas oficinas municipais no momento da presentación dos documentos que inicien o expediente.

### **Infraccións e sancións**

**Art. 10.<sup>º</sup>** .-En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

## ANEXO

### PREZOS PÚBLICOS

#### Epígrafe 1.<sup>º</sup> .-PERMISOS, AUTORIZACIÓNS, LICENCIAS.

1.1.-Autorización e licencias para construcción:	
A.-Obras menores:	
A.1.-0,25% do presuposto da obra cun mínimo de pesetas	5.000 ptas.
A.2.-Considéranse exceptuadas desta imposición, coa finalidade de promove-lo ornato público, o uso de materiais nobres e autóctonos e o adecentamento xeral dos inmobles do municipio, as actuacións seguintes:	
a) Por pintado de fachadas	
b) Por revestimento de fachadas en pedra	
c) Por cambio de fiestras	
d) Por colocación de tella do país nas cubertas	
As obras eximidas poderán facerse durante todo ano	
B.-Obras maiores:	
B.1.-Vivendas unifamiliares de menos de 250 m <sup>2</sup> , da base liquidable do ICO, o	0,25%
B.2.-Vivendas de máis de 250 m <sup>2</sup> , edificios de varias vivendas ou locais, arrimadas, naves, edificios comerciais ou industriais, do orzamento, o	0,5%
1.2.-Licencias de primeira utilización:	
A.-De vivendas unifamiliares de menos de 250 m <sup>2</sup> , en función da base liquidable do ICO, o	0,10%
B.-Resto de edificacións, en función da base liquidable do ICO, o	0,25%
1.3.-Parcelacións urbanas:	Pesetas
A.-Por m <sup>2</sup>	20
Mínimo	10.000
B.-Plans parciais, plans especiais, estudios de detalle a instancia de particulares, por m <sup>2</sup>	50

Mínimo	100.000
1.4.-Delimitación de polígonos ou unidades de ejecución:	
A.-Estatutos, bases e proxecto de compensación	100.000
1.5.-Licencia colocación de rótulos:	
A.-Por m <sup>2</sup>	2.000

#### Epígrafe 2.º .-APERTURA DE ESTABLECIMENTOS

2.1.-A.-Normais, en función do IAE anual, o	200%
B.-Industrias molestas, incómodas, nocivas ou perigosas, en función do IAE anual, o	500%

#### Epígrafe 3.º .-VARIOS

3.1.-Bastanteo de poderes polo secretario letrado	3.000 ptas.
3.2.-Declaracións de ruína, en función do valor do inmoble	2%
3.3.-Informacións urbanísticas:	
A.-Se non é necesario desprazamento de persoal municipal	5.000
B.-Se é necesario desprazamento de persoal municipal	10.000
3.4.-Contratos ejecución de obras:	
A.-Ata 1.000.000 de pesetas	600
B.-De 1.000.000 de pesetas por cada 1.000.000	1.200

As presentes ordenanzas fiscais, nas que a súas redaccións definitivas foron aprobadas polo Pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de novembro de 1997, entrarán en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e permanerán en vigor ata que o Concello acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Porto do Son, 27 de xaneiro de 1998.

O alcalde, Ramón Quintáns Vila.

Reg. 1454-PD / 1425



Boletín N° 18. Viernes, 23 de enero de 2009

IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL IV.2 MUNICIPAL PORTO DO SON

EDICTO Pág. 1136 Reg. 09/269-x.

Anterior

Siguiente

Aprobación definitiva de modificación de ordenanza fiscal

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno de data 31 de outubro de 2008, de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación e expedición de documentos, por non se ter presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, de conformidade co disposto no art. 17.4 do RDL. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada para os efectos da súa entrada en vigor.

Modifícase o anexo da ordenanza publicada no BOP da Coruña núm. 31, do 07.02.1998, no seguinte senso:

Epígrafe 1º: PERMISOS, AUTORIZACIÓNNS, LICENZAS. Se engade un apartado 1.6 en autorizaciónns e licenzas para construcción co seguinte contido:

1.6. - Por prórrogas de licenzas urbanísticas: 6,34 €.

Epígrafe 2º: APERTURA DE ESTABLECIMENTOS. Se engade un novo apartado 2.1.C co seguinte contido:

2.1.C.- Cambios de titularidade en licenzas de apertura: 124,65 €.

Epígrafe 3ºVARIOS. Se engaden os seguintes apartados:

- Compulsas: 1ª compulsa: 0,66 €. Seguintes: 0,19 €, por páxina.

- As copias realizadas, a petición de parte, nas fotocopiadoras municipais, por cada cara: 0,07 €.

- Pola busca de documentos nos arquivos, oficinas municipais, dentro do último quinquenio: 3,19 €.

- Por cada cinco anos anteriores ao mesmo, incrementarase na cantidade de 3,18 € quinquenio, sen exceder de 6,34 €.

- . Por devolución de avais: 15,81 €.
- . Taxas por certificacións do punto de información catastral:
  - Certificado catastral telemática: 1,26 €.
  - Certificación catastral descriptiva e gráfica: 12 €.

Porto do Son, 12 de xaneiro de 2009.

O Alcalde.

Asd. Manuel Tomé Piñeiro.

Reg. 09/269-x

De acuerdo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.